

#### 4.- A VISIÓN DO CLASICISMO EN ROMA.

##### INTRODUCCIÓN: OS PRECEDENTES.

Pódese dicir que a civilización cultural e artística romana caracterízase por un **claro eclecticismo**, baseado nas aportacións de pobos máis desenvolvidos, **como os gregos e etruscos ou incluso pobos orientais como os de Mesopotamia**. Habería que sinalar pois unha dobre influencia: **externa**, de pobos orientais como *Mesopotamia e Grecia*, e **interna**, de pobos de orixe latina como os *etruscos*.

##### CONTEXTO HISTÓRICO E XEOGRÁFICO.

Non se pode falar de arte romana ata o 146 a.c., na que se produce **a conquista de Grecia por Roma coa toma de Corinto, o que supón a fin da arte helenística** e a súa continuidade en Roma, que asumindo a súa **inferioridade cultural e artística ante os helenos e os pobos orientais, vai a asimilar as súas creacións**.

Dende a súa fundación (753 a.c.), **Roma desenrola as aportacións do pobo grego a través do seu contacto co Sur de Italia (Magna Grecia)**, mediante a importación de artistas e obras de arte, sobre todo tras a conquista.

**En canto ós etruscos** (fusión de pobos latinos prehistóricos con pobos chegados de Asia Menor -como os lidios-), **o influxo é determinante ata o s. V a.c.** (etapa monárquica). O seu auxe a partir do s.VIII a.c., **coincide ademais coa orixe lendaria de Roma a partir de descendentes dos refuxiados de Troia (Asia Menor)**, chegando o seu maior esplendor cultural e político nos s. VII-VI a.c., convertíndose nun imperio comercial competidor de gregos e fenicios no Mediterráneo.

A súa **situación na Península Itálica, correspóndese coa zona central do Lacio** (entre os ríos Arno-Tíber), quedando baixo o seu dominio a cidade de Roma ata a etapa republicana.

Podemos dividir a arte romana en tres etapas dende o punto de vista cronolóxico-histórico:

1) **República** (509-27 a.c.); 2) **Alto Imperio** (27 a.c.-s.III d.c.); 3) **Baixo Imperio** (s.III- 476 d.c.).

##### CARACTERÍSTICAS XERAIS DA ARTE ROMANA.

A cultura e a arte romanas son **meras transmisoras de conceptos artísticos anteriores**. En Roma hai unha **escasa consideración polo traballo manual**, deixando as tarefas artísticas en mans dos estranxeiros e dos escravos (apenas se coñecen artistas latinos).

A verdadeira afición e preocupación do cidadán romano son **as conquistas militares, o goberno das cidades, a fama e a gloria persoal**. Aínda así, **a súa labor civilizadora é fundamental na formación da Europa Occidental**, sobre todo nas provincias de Hispania, Galia ou Germania, que saen do seu atraso protohistórico e se incorporan a civilización mediterránea, tratando de reducir o seu atraso coas zonas orientales previamente helenizadas e máis desenvolvidas culturalmente.

A pesar de todas estas asimilacións, a arte romana ten identidade propia grazas a utilización de novos motivos e técnicas ou modos de facer, e a unha nova finalidade baseada nun sentido

práctico e utilitario, buscando a **funcionalidade antes que a calidade estética**. Así a **arquitectura a entenden como enxeñería**, e da **escultura interesalles o retrato**, buscando o prestixio social do cidadán, **dentro dun arte elitista ó servizo de encargos privados e particulares**, en oposición ós gregos que construían as súas obras de arte cun sentido público dirixido ós seus deuses e ás súas polis.

Ainda así, non se pode olvidar, que **os romanos tamén van a construír os seus edificios públicos financiados polo Estado** (pontes, acuedutos, termas, teatros....), pero sin seguir programas estéticos nin unha elaboración teórica previa como ocurría na arte grega.

**O papel do artista subordinase ó taller** (producción industrial), **acentuando a tendencia do helenismo cara o artista anónimo**, ca única excepción de Vitrubio, tratadista e teórico da arquitectura de gran influxo no Renacemento.

## **A ARQUITECTURA. CARACTERÍSTICAS XERAIS. A CIDADE ROMANA. PRINCIPAIS TIPOLOXÍAS CONSTRUCTIVAS E FUNCIÓNS DOS EDIFICIOS PÚBLICOS.**

### **ARQUITECTURA E URBANISMO ROMANOS.**

Os romanos sen olvidar a inspiración grega (sobre todo nos templos), **toman dos etruscos boa parte das realizacións e elementos urbanísticos e arquitectónicos**. Dos gregos, imitarán máis ben as realizacións plásticas (sobre todo a escultura), alomenos ata o período imperial.

Do urbanismo etrusco imitan a **estrutura das súas cidades**, cun trazado urbano en base a dúas rúas anchas e perpendiculares entre sí: **o Cardo** (N-Sur), e **o Decumano** (W-E), con subdivisións posteriores. Ademais son **os construtores dos primeiros edificios en Roma** ( a muralla, a Cloaca Máxima e o Templo do Capitolio).

**Da arquitectura etrusca imitan a súa técnica enxeñeril e construtiva** (murallas, pontes, acuedutos), **o tipo de edificio relixioso** ( o templo) e **a súa forma e elementos** (columna toscana). O templo grego, sofre modificacións que a través da arte etrusca inflúen na arte romana, cunha **planta cuadrangular e a aparición dunha plataforma elevada ou podium, con escaleiras de acceso só na entrada principal**.

A pesar deste influxo relixioso, os romanos olvídanse un pouco de certas inquietudes e preocupacións obsesivas dos etruscos como a construción de tumbas funerarias.

**Da arte oriental mesopotámica**, recollen sobre todo a **utilización do arco e a bóveda**, pero a través dun perfeccionamento previo por parte dos etruscos sobre todo nos aspectos técnicos.

### **CARACTERÍSTICAS XERAIS DA ARQUITECTURA ROMANA.**

Atopámonos ante unha **arquitectura práctica e utilitaria, con claro influxo etrusco e onde predominan claramente os valores estruturais sobre os estéticos**, debido ó maior aprecio que se ten a labor do arquitecto fronte á do escultor ou pintor.

As principais novidades da arquitectura romana son as seguintes:

- Emprego de **elementos curvos como o arco e a bóveda** (de canon, arista), e a **cúpula** (as dúas últimas como prolongación do primeiro), dando lugar a unha **arquitectura abovedada de gran dinamismo e espacialidade**. Fálase dunha nova concepción espacial, dunha **arquitectura de “espazo interno”**, fronte a arquitectura de volúmenes, **combinando arco e dintel** fronte a arquitectura de “espazo externo” grega. É un tipo de construción de gran aportación de cara ó futuro (arte medieval e renacentista).
- Emprego de **novos materiais construtivos como o formigón** (argamasa, grava ou pedra miuda e área fina), que substitúe ó adobe, sobre todo a partir do s. II a.c, e **de materiais nobles como o mármore** (época de Augusto), en lugar da madeira e o ladrillo utilizados polos etruscos. Utilizan tamén **revestimentos de estucos na pintura mural dos interiores**.
- Utilización de **novos aparellos**: Opus incertum (mampostería); Opus Quadratum (sillares regulares a soga e tizón); Opus Reticulatum (pedras en pirámide) e Opus Mixtum (pedra e ladrillo).
- Empleo das **ordes gregas pero con modificacións, preferindo o capitel corintio pola súa exuberancia decorativa** fronte ó xónico e **adopción de dúas novas ordes, a toscana** (dórica con basa e fuste liso sen éntase), xa empregada polos etruscos, e a **composta** (mistura da xónica e corintia), sendo moi frecuente o emprego das ordes superpostas, con carácter decorativo.
- **Os elementos arquitectónicos como a columna, perden a súa función sustentante e convértense en elementos decorativos**, as veces adosados ó muro, **sendo substituídos polo pilar**. O dintel, convértese tamén nun elemento ornamental exterior. **O pilar substitúe á columna pola súa maior resistencia á arquitectura abovedada (empuxes)**, utilizándose a modo de contraforte, aínda que as veces combínanse ambos elementos.

## **CARACTERÍSTICAS XERAIS DO URBANISMO: A CIDADE ROMANA.**

Unha das claves da arquitectura romana é a **organización espacial das cidades, centros rectores do mundo romano**, sobre todo na época imperial de clara base urbana. Os emperadores van a potenciar a creación de novas cidades ó longo do extenso imperio para o seu mellor control.

As cidades romanas podían ser o resultado de **vellos núcleos de poboación indíxena** (hispanos, galos, etruscos), **de campamentos militares ou ben de nova creación**.

Nas novas cidades, os romanos **adoptaron trazados xeométricos a partir dun recinto rectángular, seguindo o sistema de cuadrícula ou hipodámico que se impuxo na Grecia helenística** (Asia Menor), adoptado logo polos etruscos. Esta solución racional deriva do carácter práctico dos romanos, buscando un rápido movemento nas súas rúas, sobre todo no caso dos campamentos militares. As rúas podían estar porticadas e se abrían en catro portas ó exterior da cidade, normalmente amurallada.

No cruce das dúas rúas principais (Cardo e Decumano), atopábase o Foro, **centro político, institucional, relixioso, cultural e económico** da cidade romana, onde aparecían os principais

edificios. **O Foro era o corazón da cidade romana**, destacando na capital “*O Foro de Trajano*”, do s. II d.c., construído por Apolodoro de Damasco, **seguindo o estilo da ágora grega**.

As cidades romanas contaban cunha **coidada infraestrutura: sumidoiros, cloacas, lavatorios públicos...**, garantindo a provisión de auga mediante o seu traslado a través de acuedutos de varios pisos que salvaban os desniveis do terreo.

**A infinidade de cidades que formaban o Imperio Romano, estaban perfectamente comunicadas** por unha rede de calzadas que serán utilizadas como camiños de paso durante toda a Idade Media.

## TIPOLOXÍA E FUNCIÓN DOS EDIFICIOS PÚBLICOS.

Dentro da arquitectura romana podemos atopar dúas modalidades básicas: **a) Relixiosa**, representada polos templos; **b) Urbana e civil**, determinada pola organización do espazo urbano e por numerosas construcións públicas, cada unha cunha función concreta.

- **Lugares ou edificios de ocio e espectáculo:** teatros, anfiteatros e circos.
- **Lugares ou edificios de reunión:** termas, foros e basílicas.
- **Lugares funerarios e monumentos conmemorativos:** tumbas, arcos de triunfo e columnas conmemorativas.
- **Obras de enxeñería e construcións domésticas:** vivendas, calzadas, pontes, acuedutos, portos, sistemas de sumidoiros....

**A Arquitectura Relixiosa: Os templos.**- Presentan os templos romanos un **gran recordo de épocas pasadas** (gregos, etruscos), pero con notables diferencias, aínda que **a súa finalidade é similar á do templo grego, servindo de morada á divindade**.

**No período republicano**, ríndese culto á **tríada capitolina** (Xúpiter, Xuno e Minerva), e **no imperial proclámase culto oficial ó emperador divinizado** (César, Augusto, Nerón).

**As principais novidades con relación ós templos gregos** e que xa as adoptaran os etruscos, son o alto podium, sobre o que se levantan, **con escaleiras só na parte central**, motivando a ruptura do conxunto unitario do templo grego e dando lugar a un único punto de vista (perspectiva frontal).

Outra novidade son as columnas adosadas ó muro (templos pseudoperípteros), ou a desaparición da decoración figurativa en frisos e frontóns, substituída por guirnaldas e victorias.

**A influencia grega faise patente nos primeiros templos da República**, adicados a divindades femininas, como “*o templo de Vesta*”, en Roma, de mediados do s.II a.c., de forma circular.

Outros exemplos son, “*o templo da Fortuna Viril*”, en Roma construído a fins do s.II a.c., de orde xónica, e “*o templo da Maison Carree*”, en Nimes, de fins do s.I a.c., de orde corintia.

Pero sen dúbida **a obra cumio da arquitectura relixiosa romana é “o Panteón de Roma”**, construído en época de Agripa, 27 a.c., e reconstruído na época de Adriano, s.II d.c., por Apolodoro de Damasco.

Neste edificio **aproveitanse antigas tradicións pero utilizando as novas técnicas e materiais usados polos romanos**. A súa planta circular non é unha novidade, cunha **forma exterior a modo de pórtico, moi convencional**, sostendo un frontón que repousa en oito columnas de granito exipcio.

**A principal innovación reside no tratamento do espazo interior**, cun aspecto grandioso, cuberto por **unha cúpula que debuxa un hemisferio ornamentado con casetóns e que descansa sobre un enorme tambor**, formando unha especie de esfera espacial cuxo diámetro é idéntico a súa altura (40 metros).

Na parte superior aparece un **óculo central, único foco de luz do edificio, que a reparte de modo uniforme en todo o espazo**, inundando o mesmo e proxectando sobre as paredes un círculo móbil de luz solar. O cilindro inferior sobre o que se levanta a cúpula non é un muro macizo, senon que **presenta unha serie de nichos ou hornacinas a modo de cámaras para a colocación dos altares que reparten o peso da cúpula**. **As paredes están revestidas de ricas incrustacións de mármore**, disimulando a pobreza dos materiais utilizados.

**A cúpula está feita de formigón, sendo necesaria para a súa construción un enorme encofrado de madeira** para soste a masa ata que endurecese. **Os casetóns fixéronse con moldes de madeira, ofrecendo unha grande contribución estética ó conxunto**, resaltando a curva, a esfericidade e o xogo de luces e sombras, evitando así o efecto plano da parte central da cúpula.

En definitiva, **a nota dominante deste edificio, símbolo da arquitectura abovedada é o xeometrismo e o equilibrio perfecto das súas diferentes partes**. O edificio estivo consagrado a todos os deuses do Imperio pero sobre todo as sete divindades planetarias, por iso pénsase que a cúpula dorada simbolizaba a bóveda celestial.

**A arquitectura urbana e civil.**- O carácter urbano da civilización romana e o seu sentido práctico e utilitario motivan a aparición de numerosos edificios civís, cada un deles cunha función determinada.

### **Edificios de ocio e espectáculos**

**Os teatros:** os teatros romanos **parten da disposición dos gregos**, imitando o seu estilo e mantendo as tres partes esenciais: **gradas (cavea), escena (proscenium) e coro (orchestra)**. Nembargantes os romanos **conciben o edificio de maneira distinta polo aproveitamento que fan da utilización do formigón, do arco e da bóveda**, o que lles permite chegar a unas realizacións en forma e dimensións que os gregos nunca puideron soñar.

Os teatros romanos **non se excavaban aproveitando a ladeira da montaña como os gregos, senon que eran exentos** grazas a **utilización inxeniosa de fileiras de arcos de formigón superpostos** para construír o equivalente dun outeiro natural sobre o que descansaría o auditorio, **creando así un edificio independente, o que permite a realización de galerías e vomitorios (accesos), baixo a grada**.

Outra diferenza estriba na **forma totalmente semicircular do teatro romano, menos pechada ca do templo grego**, xa que aquí **prima a acción escénica sobre o coro**, reducíndose éste e por tanto tamén as gradas.

Obsérvase en xeral, unha **integración entre espazos rectos e curvos, mediante a alternancia de arco e dintel nos diferentes niveis, e a superposición de ordos**, conseguindo un efecto unitario a través da elevación do escenario a unha altura similar ó auditorio (en Grecia situábase a ras do solo).

Roma leva a exaltación do Estado ó mesmo teatro, dando lugar a unha maior complexidade do edificio, aparecendo **novos elementos como o púlpito de autoridades, ou as esculturas monumentais de gobernantes e deuses na escena ("frontis")**.

Os exemplos máis representativos son *"o Teatro Marcelo"*, en Roma, e *"o Teatro de Mérida"*, rematado no ano 8 a.c., na etapa do Alto Imperio, o máis grande construído nunha provincia (Hispania).

Os anfiteatros: son construcións orixinais do mundo romano sen precedentes anteriores e que nacen como consecuencia da **afección dos romanos polos espectáculos lúdicos (loitas de gladiadores, feras, naumaquias...)**.

En xeral, nestos edificios **celebrábanse espectáculos sangrentos, de masas**, por iso tiñan unha grande capacidade. Presentaban unha **escena circular, e unas gradas continuas tamén circulares ou elípticas** resultado da unión de dous teatros. **No exterior obsérvase a superposición de ordos, combinando a liña curva coa recta**, seguindo o gusto e a tradición romanas.

*"O Coliseo ou Anfiteatro Flavio"*, do s. I d.c (rematado no ano 80), do Alto Imperio. Construído en Roma, é o mellor exemplo deste tipo de edificios.

Foi comezado en tempos do emperador Vespasiano e continuado polos seus sucesores Tito e Domiciano, cunha capacidade de 45.000 espectadores, **posúe unhas proporcións monumentais**, con 80 arcos na planta baixa e **tres pisos con arquerías das tres ordos clásicas romanas: dórico-toscano, xónico e corintio ou composto**. Presenta un engadido posterior en forma de ático, cunhas ménsulas que suxeitaban os pes dos mástiles do toldo que resguardaba do sol e a chuvia ós espectadores.

No interior, na area, aparece **baixo o nivel do solo un complexo dispositivo, onde están as celdas e as estancias dos atletas e gladiadores**. Posuía dúas entradas a nivel do solo, **a principal de acceso a modo de arco triunfal**, e na parte oposta, outra de evacuación das vítimas.

Nas provincias destacan *"o anfiteatro de Mérida"* do s. I a.c., e *"os de Itálica e Tarraco"*, do s. I-II d.c., na Galia atopamos *"os anfiteatros de Nimes e de Arles"*, do s. I d.c.

Os circos: son lugares destinados **ás carreiras de cuadrigas**. Inspirados no estadio grego, posúen unha **forma semicircular pero moi alongada**, adecuándose a súa función, cunha parte central ou muro divisorio na area chamado *"spina"*, e gradas para os espectadores nos laterais.

En Roma destaca “o Circo Máximo”, e en Hispania “o circo de Mérida”, do s.IV d.c.

### **Edificios de reunión**

Os foros: son o corazón das cidades romanas. Nacen de forma espontánea, como lugar de paso e contacto de xentes, **onde tiña lugar o mercado e se celebraban reunión de cidadáns.**

A medida que a vida urbana foise facendo máis complexa, **se celebraban alí os actos políticos de masas**, construíndose arredor **templos e algún edificios civís con función xurídicas e políticas.**

Formalmente son **recintos de planta rectangular con pórticos ós lados**, onde se ubica o mercado. Adoitan posuír exedras, seguindo o modelo do ágora grego, aparecendo nelas basílicas e templos.

As basílicas: aparecen nos foros e podían ser de varios tipos, aínda que predominaban as de **planta rectangular con tres ou cinco naves e unha exedra ou ábside semicircular** en cada un dos extremos. Tiñan a función de **tribunal de xustiza, mercado ou lugar de reunión.**

Destaca “a basílica de Maxencio ou Constantino”, no foro romano, do 308 d.c.

As termas: lugares destinados ó ocio, con baños públicos, saunas, ximnasia, biblioteca e cunha estrutura abovedada similar a das basílicas. Constan de varias estancias según a temperatura da auga: frigidarium, tepidarium e caldarium.

Destacan “as termas de Caracalla”, en Roma (s.III d.c), no Baixo Imperio.

### **Monumentos Conmemorativos**

Os arcos de triunfo: son monumentos que **conmemoran vitorias militares ou actos públicos.** Son unha invención arquitectónica romana de época imperial e teñen un **carácter triunfalista, aparecendo nas cidades, nas calzadas ou nas fronteiras** entre territorios diferentes.

A súa estrutura basease na **repetición de dous elementos laterais flanqueados por columnas a pares, unidos por un vano ou arco de medio punto, todo decorado con relevos escultóricos** resaltando o feito polo que se construíron, (motivo que aparece nas inscricións do ático superior). **Poden constar dun arco, tres ou máis**, e aparecen rematados normalmente con grupos escultóricos en bronce.

“O arco de Tito”, de finais do s.I d.c., no Alto Imperio, está no Foro romano. Erixiuse na honra do emperador Tito tras a súa morte, sendo o máis antigo dos conservados.

Mostra unha **gran harmonía entre arco, pilares e columnas, todos a mesma altura.** As pilastras do arco descenden ata a última moldura do zócalo, rompendo así a continuidade no ritmo das columnas superiores, que rematan nuns capiteis compostos.

As columnas conmemorativas: teñen a mesma finalidade que os arcos de triunfo, aparecendo tamén completamente cubertas de relevos decorativos alusivos a vitorias militares.

Destaca “ *a columna Trajana*”, no foro de Trajano, s.II d.c., realizada por Apolodoro de Damasco, mide case 40 metros, cunha **forma helicoidal (en espiral), e un relevo continuo e narrativo ó longo de todo o espazo da columna**, co tema das campañas militares romanas cun carácter claramente propagandístico do poder do exército e do emperador na Roma imperial.

### Obras de enxeñería

As calzadas: de gran valor militar, comercial e de comunicación, **aparecen encadradas por columnas miliarias (mil pasos), que miden as distancias**. Percorrían todo o Imperio.

As pontes: grandes obras de enxeñería **realizadas en sillería sobre arcos de medio punto, cunha base de grandes pilares de formigón**, que permitían salvar un grande desnivel ou o paso dos ríos.

Destacan “*a ponte de Alcántara*”, en Cáceres, da época de Trajano, 106 d.c., e “*a Pont-du-Gard*”, en Nimes, da época de Agripa, fines do s.I a.c.), que é ponte e acueduto ó mesmo tempo, con tres niveis de arcos superpostos en alturas.

Os acuedutos: **construcións cuxa finalidade era o abastecemento de auga ás cidades**, salvando en ocasións grandes distancias ata os lagos naturais ou pantanos mediante conduccións.

**A base da súa estrutura é o arco, elemento curvo que se despraza no espazo, superpoñéndose horizontal e verticalmente**, multiplicándose nunha arquitectura de grande dinamismo e monumentalidade.

“*O acueduto de Segovia*”, do 1º cuarto do s.II d.c., **está formado pola superposición de arquerías de medio punto** e ten unha altura de 30 m. no seu punto máis elevado e unha lonxitude de 800 m.; nos extremos só posúe un corpo de arquería. **Os sillares están construídos a soga e tizón, sen argamasa.**

**Os arcos a pesar de ser de medio punto, son moi peraltados (estreitos)**, xa que aquí non se necesitaban grandes aberturas como nas pontes. O mesmo ocorre noutro grande acueduto peninsular, “*o acueduto dos Milagros*”, en Mérida, tamén de época imperial.

### **A ESCULTURA. O RETRATO. O RELEVO ARTÍSTICO.**

As esculturas romanas mostran unha **clara subordinación a arquitectura** e eran o resultado de **encargos particulares** (familias ou individuos), ou **públicos** (o Estado Romano), e cumprían unha dobre finalidade: conmemorar un acontecemento histórico ou aumentar o prestixio do persoaxe representado.

Desta dobre finalidade resultan os dous xéneros escultóricos máis arraigados no mundo romano: a) **O Relevo Histórico**, e b) **O Retrato**.

#### O Relevo Histórico.



Destaca sobre todo na época imperial polo seu **valor documental e de referencia a feitos militares o fazañas dun estadista, relacionado sempre con monumentos oficiais** (arcos de triunfo, columnas, altares...). É un **relevo de grande plasticidade, concreto, anecdótico e realista**, buscando o ilusionismo espacial e unha nova interpretación visual.

Destacan *“os relevos do Arco de Tito”*, que representan a entrada do emperador en Xerusalén, a conquista de Xudea e a entrada no Templo e o seu posterior saqueo.

O relevo do triunfo de Tito, representa a cuadriga imperial desfilando triunfalmente co emperador coronado por unha vitoria, dirixíndose ó Capitolio precedido por Dea Roma, que volve a cabeza hacia él e ós lictores (coas súas fasces e estandartes), e secundado polas personificacións do pobo (torso espido) e Senado (toga romana).

O relevo do botín de Xerusalén, móstranos ós soldados romanos desfilando triunfantes co botín de guerra, o candelabro dos sete brazos, as trompetas de prata e a mesa dos pans (os obxectos máis sagrados do templo de Xehová). O cortello está pasando pola *“Porta Triumphalis”*.

En ambos relevos **deixase moito espazo sen esculpir sobre as cabezas das figuras**, dando a **impresión de maior profundidade, dinamismo e liberdade de movementos. As figuras son de vulto moi marcado (altorrelevos)**, que se alonxan nos extremos ata o plano de fondo como difuminándose. Por primeira vez, **crease un ambiente real, natural, para as figuras** (recreación da paisaxe), rompendo a orde da procesión en varios planos do relevo.

**O realismo romano, obsérvase na indumentaria e na multitude de datos que aparecen na escena** (estandartes, trompetas).

Outros relevos históricos de importancia son, *“o Ara Pacis”*, do s. I a.c., monumento-altar levantado na honra dos deuses romanos, de Augusto, e a súa *“Pax Romana”*, destacando a procesión que recorre o friso evocando a das *“Panateneas no Partenón grego”*, cos deuses e as virxes vestais, pero **cun contido moito máis realista e menos idealista, con rostros identificables, como os da familia imperial, ou os membros do Senado.**

*“A Columna Trajana”*, representa a conquista da Dacia, **cunha descrición nun estilo narrativo continuo, a modo de friso en espiral, e cun relevo moi plano**, case impresionista, para non alterar o contorno do fuste (baixorrelevo), pero **dando sensación de profundidade e de gran detallismo nos persoaxes.**

### O Retrato

Caracterízase polo **realismo, debido a súa derivación das “imago maiorum”** (mascarillas mortuorias de cera dos devanceiros), e ó desexo de trascendencia histórica do cidadán romano. É un retrato de **gran verismo físico e psicológico.**

**Fronte ó retrato funerario da República, imponse durante a época imperial o retrato honorífico de patricios e políticos**, de influencia helenística e etrusca.

O retrato imperial comeza con **Augusto, que recupera un pouco o idealismo da arte helénica, fronte ó realismo descarnado do período republicano**, dándolle unha maior solemnidade ó acto (condición sobrehumana, o emperador como divinidade).

*“Os retratos de Augusto Prima Porta e Pontifex Máximus”, do s.I a.c., recordan ó “Doríforo”, en actitude de arenga militar*, coa coraza representando os temas da orde e a paz romanas e as provincias conquistadas. O persoaxe está perfectamente individualizado e reflicte a **imaxe do gobernante en toda a súa dimensión propagandística**.

Os retratos de épocas posteriores (Julio-Claudia, Flavia, Adriano...), aportarán **novidades según as modas do momento**, sobre todo no **tratamento do cabelo feminino** (técnica do trépano), cun modelado que resalta o claroscuro.

*“O retrato ecuestre de Marco Aurelio”, do s.II d.c., será fonte de inspiración do xénero durante séculos, chegando ó Renacemento.*

**No Baixo Imperio (s.III-V d.c.), apréciase xa a decadencia, aparecendo retratos expresionistas que reflicten o carácter do persoaxe**, tanto no xesto como no rostro (a forza e a brutalidade dos emperadores), indicando xa a **rixidez hierática da escultura bizantina**.

Destaca nesta época *“o retrato de Constantino”, do s. IV d.c., de gran esquematismo.*